

EXPEDIENTE: 2026/D001/000006

ASUNTO: XXV FESTA DAS PERSOAS MAIORES 2026 (BASES DE PARTICIPACIÓN)

TRÁMITE: PUBLICACIÓN BASES TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Na Xunta de Goberno Local de data 25/03/2026 aprobáronse as bases de funcionamento da XXV Festa das Persoas Maiores 2026, que a continuación se transcriben:

Artigo 1.- O Concello de Dodro organiza dende a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais a “XXV Festa das persoas maiores 2026”, un evento lúdico, cultural e de ocupación do tempo libre deseñado para favorecer o desenvolvemento persoal, afectivo e social das persoas maiores de Dodro, contribuíndo ademais de que desfruten de tempo libre de lecer de calidade.

Artigo 2.- Os requisitos de asistencia e prezo son:

A) PERSOAS EMPADROADAS EN DODRO:

- De 60 anos ou máis.
- Parellas (independentemente da idade) de persoas de 60 anos ou máis, ambos empadroados.
- Persoas coidadoras (independentemente do empadroamento e idade) de persoas empadroadas maiores de 60 anos, que precisen asistir cunha persoa acompañante coidador/a.
- Fillos/as con discapacidade (independentemente da idade e do empadroamento) de persoas empadroadas de máis de 60 anos.

PREZO: 10€/Persoa

B) PERSOAS NON EMPADROADOS EN DODRO:

- De 60 anos ou máis.
- Parella non empadroada (independentemente da idade) de persoas de 60 anos ou máis que si están empadroado en Dodro.

PREZO: 30€/Persoa

Artigo 3. - O servizo desenvolverase o día 9 de maio de 2026, nas instalacións do polideportivo municipal, ao longo de toda a xornada, concretamente entre as 09.00 e as 22.00 horas.

Artigo 4.- O NÚMERO DE PRAZAS que se oferta é de 400 prazas.

Artigo 5.- INSCRICIÓN E CUSTO.

O prazo de inscrición e retirada de invitación estipulouse do 13 ao 24 de abril engadidos. A inscrición formalizarase logo do abono dos cartos (na tesourería ou nas oficinas bancarias estipuladas) e coa recollida da correspondente invitación nas instalacións municipais.

O persoal municipal será o encargado de realizar as comprobacións do cumprimento dos requisitos de participación, a través dos datos que consten no padrón municipal, e coa presentación do recibo de pago correspondente, previo á entrega das invitacións.

A invitación deberán presentala o día do evento no lugar de realización para poder acceder ao recinto. Cada invitación vai numerada do 1 ao 400. Coa invitación tamén se fará entrega por parte do persoal municipal do programa do evento, co fin de que a veciñanza teña a información das actividades e horarios que se van realizar.

Artigo 6.- LISTAXE DE AGARDA. No caso de non haber prazas dispoñibles suficientes para satisfacer a demanda do servizo, confeccionarase unha listaxe de agarda cas solicitudes de agarda posteriores, que terán praza no caso de que se produzan baixas, e adxudicaranse mediante a realización dun sorteo público.

Artigo 7.- SOLICITUDES FÓRA DO PRAZO DE INSCRICIÓN. Aquelas solicitudes fóra do prazo de inscrición serán incorporadas ao final da lista de agarda, no caso de que se cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases. Poderán asistir no caso de que se dispoña de prazas vacantes.



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

Artigo 8.- DEREITO DE ADMISIÓN: O Concello reserva para si o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva das/os persoas participantes que non respecten estas bases e as normas básicas de convivencia e colaboración, ou fagan un uso abusivo dos servizos en detrimento das persoas. Antes de tomar unha decisión daráselle sempre audiencia ás persoas implicadas.